

DOMINGO 32 ORDINARIO CICLO C

PRIMEIRA 2 Mac 7, 1-2. 9-14:

O rei do mundo hanos resucitar para unha vida eterna

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO SEGUNDO DOS MACABEOS

Aconteceu que meteron na cadea a sete irmáns e a súa nai, e o rei mandou que os azoutasen con trallas e vergas para facer que comesen carne de porco, cousa prohibida pola Lei. Un deles falou deste xeito no nome de todos:

- "Que é o que queres conseguir de nós?. Estamos dispostos a morrer antes que quebrantar as leis dos nosos maiores".

O segundo, cando xa estaba nas últimas, dixo:

- "Ti, criminal, quítanos a vida presente, pero o rei do universo hanos resucitar para unha vida eterna a cantos morremos pola súa Lei".

Despois deron en meterse co terceiro. Mandáronlle botar fóra a lingua e fíxoo de contado; estendeu as mans todo decidido e dixo con valentía:

- "De Deus recibín estes membros, e pola súa Lei os entrego; espero recibilos del novamente".

O rei e os que estaban xunto del quedaron abraiados polo valor do rapaz que non tiña medo aos tormentos.

Cando este morreu, torturaron de xeito semellante ao cuarto; e cando estaba xa para morrer, dixo:

- "Paga a pena que os homes maten a un, cando se espera que Deus nos vai resucitar. Pero ti non has resucitar para a vida".

SALMO RESPONSORIAL Sal 16, 1. 5-6. 8b e 15

R/ (15b): Ao espertar, saciareime de verte, Señor

Oe, Señor, a causa xusta,
atende ao meu clamor;
escoita a miña pregaría
de labios sen engano.

guío polas túas pisadas os meus pasos,
por iso os meus pés non tremelean.
Eu chámote, Deus; ti respóndeme;
volve a min o teu oído, escoita a miña voz.

Escóndeme á sombra das túas ás.
Mais eu verei con felicidade a túa presenza,
ao espertar, saciareime de verte.

SEGUNDA 2 Tes 2, 16 - 3, 5:

Deus vos confirme en toda palabra e obra boa

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA SEGUNDA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS TESALONICENSES

Irmáns e irmás:

O mesmo Señor noso Xesús Cristo e máis Deus, o noso Pai, que nos amou e que nos deu gratuitamente azos duradeiros e boa esperanza, vos dea ánimos e vos afinque en toda obra e palabra boa.

Polo demais, irmáns, rogade por nós, para que a mensaxe do Señor se difunda e se acolla con honor como pasou entre vós, e deste xeito nos vexamos libres da xente descamiñada e perversa: pois a fe non a teñen todos. Pero o Señor é fiel e afincaravos e protexeravos do Malo. Tocante a vós, fiámonos no Señor de que estades facendo e de que continuaredes a facer canto vos temos mandado. Que o Señor encamiñe os vosos corazóns ao amor de Deus e á paciente espera do Cristo.

ALELUIA Ap 1, 5a. 6b:

Xesús Cristo é primoxénito dos mortos; a El a gloria e o poder por sempre eternamente

DOMINGO 32 ORDINARIO CICLO C

EVANXEO Lc 20, 27-38 (longa)

Deus non é Deus de mortos, senón de vivos

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela chegaron algúns saduceos -eses que negan que haxa resurrección- e preguntáronlle a Xesús:

- Mestre, Moisés deixou escrito: "Se lle morre a alguén o seu irmán sen deixar fillos, que case coa viúva de seu irmán, para lle dar descendencia". Pois dunha vez había sete irmáns. O primeiro casou, e morreu sen fillos. Despois casou con ela o segundo; e logo o terceiro; e así os sete foron casando coa viúva, morrendo tamén sen deixar fillos. Ao cabo, morreu tamén a muller. Ora, cando resuciten, de cal deles vai ser a muller, se estivo casada cos sete?

Xesús contestoulles:

- Neste mundo os homes e mailas mulleres casan entre eles. Pero os que sexan dignos da vida futura e da resurrección de entre os mortos, non casarán nin eles nin elas, pois non poden morrer. Son coma anxos, e son fillos de Deus por naceren na resurrección.

E que resucitan os mortos, ben o deixou indicado Moisés, cando dixo do Señor, no episodio da silveira: O Deus de Abraham, o Deus de Isaac e o Deus de Xacob. E Deus non é un Deus de mortos, senón de vivos, para El todos están vivos.

DOMINGO 32 ORDINARIO CICLO C

EVANXEO Lc 20, 27. 34-38 (máis breve)

Deus non é Deus de mortos, senón de vivos

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela chegaron algúns saduceos -eses que negan que haxa resurrección- e interrogaron a Xesús.

Xesús contestoulles:

- Neste mundo os homes e mailas mulleres casan entre eles. Pero os que sexan dignos da vida futura e da resurrección de entre os mortos, non casarán nin eles nin elas, pois non poden morrer. Son coma anxos, e son fillos de Deus por naceren na resurrección.

E que resucitan os mortos, ben o deixou indicado Moisés, cando dixo do Señor, no episodio da silveira: O Deus de Abraham, o Deus de Isaac e o Deus de Xacob. E Deus non é un Deus de mortos, senón de vivos, para El todos están vivos.